

COLEXIO PLURILINGÜE SAN FERNANDO

Baixada á Salgueira, 39 – 40. 36204 – Vigo.

Teléfono: 986 410 361/410 174

eMail: cpr.sanfernando@edu.xunta.gal

Página Web: <https://colegiosanfernandovigo.com>



Colexio San Fernando
Vigo

CURSO ESCOLAR 2.024/2.025

TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE ADMISIÓN E DE MATRÍCULA DO ALUMNADO

NOTA INFORMATIVA

1. A solicitude de reserva é ÚNICA, para cada alumn@ e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados na mesma. Todo o alumnado poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis(6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.
2. O alumnado que ten reserva vinculante de praza en un centro de adscripción, deberá comunicar a renuncia si presenta solicitude de admisión noutro centro, por escrito antes do día 28-02-2024, ao centro de orixe.
3. Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse " Supostos específicos"

SOLICITUDES E PRESENTACIÓN:

- Pódese solicitar praza a través de internet na aplicación informática «admisionalumnado <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado> ED550A (reserva) do 15 de xaneiro ao 05 de febreiro do 2024 e ED550B (ordinaria de admisión) do 01 ao 20 de marzo do 2024, ou ben cumplimentala e entregala no Centro, nas mesmas datas.
- Presentación electrónica: acceder á aplicación admisionalumnado cubrir o modelo correspondente, xunto co Anexo e o Anexo-bis e acompañar a documentación xustificativa que corresponda.

Anexo I e Anexo I-bis - ED550A

Anexo II e Anexo II-bis - ED550B

- O alumnado que pretenda continuar estudos nun centro de adscripción, para reservar praza, deberá presentar no centro de orixe ou [a través de internet](#) o formulario de solicitude (ED550A)
- O alumnado que solicite praza nun centro non adscrito solicitará a admisión [a través de internet](#) ou de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos utilizando o formulario de solicitude (ED550B). Na solicitude pódese relacionar ata 6 centros por orde de preferencia.
- Os formularios serán facilitados gratuitamente nos centros educativos e poderán descargarse, e logo cumprimentar, da Sede Electrónica da Xunta de Galicia
- Poderase consultar o estado de tramitación da solicitude a través da aplicación informática utilizando o código de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
- Todas as solicitudes que non puidesen obter praza nos centros solicitados serán remitidas á comisión de escolarización que lles asignará praza nos centros onde teñan vacantes tendo en conta, cando sexa posible, as preferencias dos pais indicadas na solicitude e a puntuación obtida por aplicación do baremo.
- As familias poderán consultar na aplicación admisionalumnado (<https://edu.xunta.gal/admisionalumnado>):

a) O cronograma coas datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula

b) A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.

c) A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa grabación.

d) O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.

e) A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>)

O número de alumnos/as por unidade escolar para o próximo CURSO ESCOLAR 2024-2025 será o seguinte:

Segundo ciclo de Educación Infantil 4º Curso.- 20 alumn@s

Segundo ciclo de Educación Infantil - Cursos 5º e 6º e toda a Educación Primaria : 20 alumn@s por unidade.

Educación Secundaria Obrigatoria: 30 alumn@s por unidade

Todo o alumnado do Centro ten garantizada a súa permanencia nel.

O 29 de febreiro de 2.024.- Publicación no taboleiro do Nº de Prazas vacantes a ofertar.

ORDINARIO: do 01 ao 20 de marzo.- Prazo de presentación de solicitudes de admisión (Anexo II - ED550B)

No caso de ter que baremar deberán entregar a documentación complementaria entre os días 21 de marzo e o 05 de abril

FORA DE PRAZO 1: Do 21 de marzo ao 25 de abril

FORA DE PRAZO 2: A partires do 26 de abril e ata o 31 de agosto

EXTRAORDINARIO: Tramitación durante o curso escolar das solicitudes de escolarización motivadas por alguna das seguintes causas:

- Traslado da unidade familiar debido a discapacidade sobrevida de calquera dos membros da unidade familiar.
- Traslado da unidade familiar debido a mobilidade forzosa de calquera das persoas proxenitoras ou titoras.
- Cambio de residencia derivado de actos de violencia de xénero.
- Traslado de centro durante o curso sen cambio de localidade.
- Incorporación tardía ao sistema educativo.
- Inicio dunha medida de protección (tutela ou garda) a través de acollemento familiar ou da incorporación a un centro de menores.
- Agrupamento da unidade familiar nunha mesma localidade que implique a necesidade de solicitar a escolarización.
- Situación de acoso escolar.

O 25 de abril.- Publicación das listaxes PROVISIONAIS do alumnado admitido e non admitido (os solicitantes dispoñen do prazo de cinco días hábiles para presentar reclamación ante o Titular do centro).

O 15 de maio.- Publicación das listaxes DEFINITIVAS de admitidos e non admitidos (os solicitantes dispoñen do prazo de cinco días hábiles para impugnacións)

Do 20 ao 30 de xuño.- Formalización da matrícula en Educación Infantil e Educación Primaria.- (Anexo III)

Do 23 de xuño ao 07 de xullo.- Formalización da matrícula en Educación Secundaria Obrigatoria.- (Anexo III)

De non formalizar a matrícula dentro dos prazos establecidos, entenderase decaído o seu dereito á praza.

Para os efectos da resolución do desempate na puntuación final na orde de admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos no curso 2024/2025, farase un sorteo público o día 27 de febreiro de 2024 as 11:00h., na Sala de Xuntas C da Consellería.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA

Volante histórico de convivencia

Fotocopia do D.N.I. do solicitante así como de todos os que convivan no mesmo domicilio.

Fotocopia do Libro de Familia

No caso de Familia monoparental, deberá de acreditarse mediante certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.

Fotocopia da cartilla sanitaria, no caso de 3º e 4º de ESO se necesita o NUSS (Número de Usuario da Seguridade Social).

Certificado de matrícula

Certificación de notas

Certificación da renda do ano dous mil vintedous

No caso de que acredite calquera outro criterio, deberá certificalo ca documentación precisa.

ÁREA DE INFLUENCIA

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA – **ZONA 7**.- Comprende a parroquia de Sárdoma, con límite na Avenida de Madrid, seguindo pola rúa Pizarro, rúa Vázquez Varela e rúa Colón ata o porto; dende o porto pola rúa Carral e a rúa Abeleira Menéndez ata a Praza do Rei; e dende aquí pola Vía Hispanidade e seguindo pola Baixada do Castaño ata o límite coa parroquia de Castrelos.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA- **ZONA 6** .- Colle dende a praza de Eugenio Fadrique subindo pola rúa Coruña (banda esquerda) ata chegar ó cruce da rúa Lalín e por ésta ata o cruce coa rúa Estrada (marxe esquerda) ata chegar a Alcalde Portanet (parte dos límites da zona 1) e dende alí cóllese como límite o cruce coa Gran Vía (baixando á marxe esquerda) ata o cruce coa rúa Salamanca e de ahí ata a praza Eugenio Fadrique pasando por Pintor Colmeiro, praza da Independencia, López Mora, parte de Tomás A. Alonso (límites da zona 2). Zonas de As Travesas, Cataboi, Salgueira, praza da Independencia.

CRITERIOS DE BAREMACIÓN E PUNTUACIÓNS (para os casos nos que as solicitudes sexan superiores aos postos dispoñibles)

1.- IRMÁS

Primeiro irmán matriculado no centro: 8 puntos

Por cada un dos irmáns restantes: 2 puntos.

Computarase a existencia de irmáns matriculados no centro si éstos están cursando ensinanzas nel e van a continuar asistindo o mesmo no curso escolar para o que se solicita a admisión.

Si os apelidos non fosen coincidentes acreditarase a relación mediante o libro de familia, certificado, sentenza pola que se adxudique a titela o, no seu caso, a correspondente resolución administrativa, emitida po la consellería competente en materia de benestar social, na que figure a garda e acollida do menor.

2.- Acreditación do criterio domicilio:

Área de influencia: 8 puntos.

Área limítrofe: 4 puntos.

O domicilio familiar acreditarase mediante a certificación de empadramento familiar, e ter unha antigüedad mínima dun ano

Acreditación do criterio domicilio de traballo :

Área de influencia : 6 puntos.

Área limítrofe: 3 puntos.

Outras zonas ou localidades: 0 punto

O lugar de traballo de calquera dos pais ou titores , debidamente acreditado, considerarase, a instancia do solicitante, cos mesmos efectos co domicilio familiar do solicitante.

Cando, por causa debidamente acreditada, os pais, nais, titores ou titoras vivan en domicilios distintos, considerarase como domicilio familiar do alumno o da persoa que teña atribuída a custodia legal do mesmo.

Nos casos nos que se acorde a custodia compartida do alumno ou da alumna, valorarase o domicilio no que esté empadroadado ou empadroadada.

3.- Acreditación do criterio renda da unidade familiar: ANO 2022

Ingresos totais divididos polo número de membros da familia.

Ingresos inferiores a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos

Ingresos iguais ou superiores a 0,5 e inferiores a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos

Ingresos iguais ou superiores ao 0,75 veces o IPREM: 1 punto

Ingresos iguais ou superiores ao IPREM: 0 puntos

IPREM ANO 2022.- 6.948,24 € anuais

Na solicitude farase constar a suma da base imponible xeral (casilla 435) e a da base imponible de aforro (casilla 460) de tódolos membros computables da unidade familiar, correspondente a declaración do IRPF.

4.- Acreditación do criterio pais traballadores do centro docente:

Pai ou nai traballador/a do centro docente: 3 puntos.

Acreditarase pola titularidade.

5.- Acreditación do criterio de familia numerosa:

Por familia numerosa de categoría especial: 3 puntos

Por familia numerosa de categoría xeral: 2 puntos

A condición de membro de familia numerosa acreditarase aportando o título oficial de familia numerosa.

6.- Acreditación do criterio de IRMÁNS parto múltiple:

2 : 8 puntos

+ de 2 : 10 puntos

Sempre que soliciten no mesmo Centro

7.- Acreditación do criterio de familia monoparental:

Por familia monoparental: 2 puntos

Para os efectos de valoración deste criterio, terá a consideración de familia monoparental a que reúna os requisitos que determina o artigo 13 da Lei 3/2011. Do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Esta circunstancia acreditarase , mediante certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.

8.- Acreditación do criterio discapacidade: (igual ou superior ao 33%)

Discapacidade do alumno/a: 4 puntos

Discapacidade dunha/un das/dos proxenitoras/es ou titoras/es 3 puntos:

Discapacidade dalgunha/un das/dos irmáns/ans da alumna ou alumno: 1 punto por cada una/un delas/es: 1 punto

A discapacidade dos alumnos, irmáns, pais, nais ou titotes acreditarase mediante a correspondente certificación, emitida pola Consellería de Benestar Social.

9.- Víctima Violencia: 2 punto

De cualquier miembro computable de la unidad familiar.

10.- Víctima Terrorismo: 2 punto

De cualquier miembro computable de la unidad familiar.

11.- Antigo alumno/a: 1 punto

Si o pai, nai, titor ou titora legal ou algun dos irmáns do solicitante ten a condición de antigo alumno ou alumna do centro para o que solicita a praza, valorarase con 1 punto, independentemente do número deles. Esta acreditación será mediante a documentación académica da que dispoña, a cal compararase coa que se garda na secretaría do Centro

Reserva de Praza, Admisión e matriculación de alumnado en centros de Galicia para o curso Escolar 2024 – 2025

Iníciase o procedemento de reserva de praza, admisión e matriculación do alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO e Bacharelato para o curso 2024- 2025.

CALENDARIO DO PROCESO

Reserva de praza no centro de orixe ou centro de adscrición.	Do 15 de xaneiro ao 05 de febreiro Solicitud (ED550A)
Data do sorteo público a efectos de desempate.	O 27 de Febreiro de 2024 Para resolver o empate na puntuación final no curso 2024/2025, teranse en conta o número 0,70. Este número multiplicarase polo número de solicitudes que resulten empatadas en cada curso, e o resultado da multiplicación redondearase á alza.
Data límite para renunciar a un posto reservado, previo escrito de renuncia no Centro	28 de febreiro
Publicación de postos escolares vacantes.	O 29 de febreiro
Presentación da solicitude de admisión dos alumnos que cambien de centro para seguir cursando estudos EI-EP-ESO . No caso de ter que baremar deberán entregar a documentación complementaria entre os días 21 de marzo e o 11 de abril	ORDINARIO Do 1 ao 20 de marzo solicitud admisión (ED550B)
	FORA DE PRAZO 1 Do 21 de marzo ao 25 de abril
	FORA DE PRAZO 2 A partires do 26 de abril e ata o 31 de agosto
	EXTRAORDINARIO Durante o curso escolar e motivadas polas causas descritas no Capítulo V, Artigo 45 do DOG núm 212, procedemento de admisión .
Publicación das listaxes PROVISIONAIS de admitidos e non admitidos.	O 25 de abril
Reclamacións: Realizarase ante o Consello Escolar nos centros públicos, e ante o titular nos centros privados concertados.	5 días hábiles a contar a partir do día seguinte da publicación das listaxes provisionais.
Publicación de listaxes DEFINITIVAS.	O 15 de maio.
As persoas interesadas poderán facer a reclamación ante a persoa titular da Xefatura Territorial	1 mes dende a publicación do listado definitivo
Formalización de matrícula para Educación Infantil e Educación Primaria	Do 21 ao 30 de Xuño
Formalización de matrícula para os alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)	Do 24 de xuño ao 07 de xullo

NORMATIVA REGULADORA DO PROCEDEMENTO

- **Ley Orgánica 2/2006**, de 3 de maio de Educación
- **Decreto 254/2012**, do 13/12, polo que se regula a admisión de alumnos nos **centros docentes sostidos con fondos públicos** que imparten ensinanzas de 2º Ciclo de EI, de EP, de ESO e de Bachillerato reguladas na Ley Orgánica 2/20096, de 3 de maio, de educación (DOG 26/12/2012).
- **Ley Orgánica 3/2020** do 29 de decembro.
- **Decreto 13/2022**, do 3 de febrero, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orde do 21 de outubro de 2022** onde se desenrola o **Decreto 13/2023**, 3 de febreiro e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º Ciclo de EI, EP, ESO y Bachillerato reguladas pola Ley Orgánica 2/2006 (DOG 08/11/2022)
- **Orde do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e derroga o artigo 44 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febrero, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006. Do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- **Resolución do 10 de xaneiro de 2024**, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre esta consellería e as organización sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laboráis do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Instrucciones de xaneiro de 2024** da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.
- **Proxecto Educativo do Centro**.

Toda esta documentación está na Secretaría do centro, a disposición dos pais e nais que así o soliciten.